

CALA REAL

H****

C/ Aire, 99
30880 Águilas (Murcia)

 968 414 562

 968 410 944

 www.hotel-calareal.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno do edificio

- A rúa de acceso é ampla e chá pero existe algún obstáculo na liña de paso.

Acceso principal

- Para acceder ao hotel hai unha escaleira con unha rampla alternativa de **12 m.** de lonxitude, con mesetas intermedias e con unha inclinación do **6,5 %**.
- Existen dúas portas de acceso: unha xiratoria automática que mide **>90 cms.** e outra na parte posterior do hotel, manual de doada apertura que mide **93 cms.**

Recepción, hall e corredores

- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **110 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** e o mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

Aseo en zona común

- Hai **1** aseio común adaptado situado na planta baixa accesible.
- A porta da cabina mide **78 cms.** e no interior pódese inscribir un xiro de **150 cms.**
- A altura do asento do inodoro é de **44 cms.** e o mecanismo de descarga está a **80 cms.** A el accédese polo lado dereito e frontalmente cun espazo libre **>120 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado dereito e unha barra fixa no lado contrario, situadas a unha altura de **54-65 cms.** e con unha separación de **82 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **77 cms.** e o fondo é de **53 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño están a **84-90 cms.** e o bordo inferior do espello a **94 cms.**
- A luz acéndese automaticamente por sensores.



Ascensor

- A porta da cabina mide **80 cms.**
- As dimensións interiores son de **109 cms.** de ancho e **142 cms.** de fondo.
- Dispón de pasamanos a unha altura de **90 cms.**

Cuarto adaptado (110)

- N° de cuartos adaptados: **2**





- Situados en planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.
- A porta mide **87 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A cama ten unha altura de **55 cms.** Pódese realizar a transferencia por ambos lados xa que hai un espazo de acceso **>90 cms.**
- O colgadoiro do armario está a **170 cms.** e o mecanismo de control ambiental a **150 cms.**

Aseo en cuarto adaptado

- A porta mide **78 cms.** e abre cara o interior. Dentro pódese inscribir un xiro de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **42 cms.** e o mecanismo de descarga a **80 cms.** A el accédese polo lado esquerdo cun espazo libre de **70 cms.** e frontalmente cun espazo **>120 cms.**
- Hai unha barra de apoio abatible no lado de aproximación (esquerdo) e unha fixa no lado contrario, situadas a unha altura de **50-67 cms.** e con unha separación de **67 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **74 cms.** e o fondo é de **53 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño están a unha altura de **77 e 140 cms.** e o bordo inferior do espello a **100 cms.**
- O chan da ducha é continuo co recinto. Dispón dun asento de ducha abatible e fixo á parede. Mide **42 cms.** de ancho e ten un fondo e unha altura de **40 cms.**
- Hai unha barra de apoio horizontal a unha altura de **68 cms.** e unha barra vertical a **68-115 cms.**
- A grifería da ducha é monomando e está situada en parede lateral accesible a unha altura de **115 cms.**

Salón buffet de almorzos

- Situado en planta baixa con itinerario accesible.
- A porta mide **80 cms.** e é de dobre folla.
- As mesas teñen unha altura de **75 cms.,** un espazo libre inferior de **70 cms.,** un ancho de **120 cms.** e un fondo de **80 cms.**
- A barra do buffet está a unha dobre altura de **55 e 80 cms.**

Cafetería

- Situada en planta baixa, xunto a recepción, con itinerario accesible.

- As mesas teñen unha altura de **75 cms.**, un espazo libre inferior de **70 cms.**, un ancho de **120 cms.** e un fondo de **80 cms.**
- A barra da cafetería está a unha altura de **110 cms.**

Sala de reunións

- Existen diferentes salas de reunións situadas en planta baixa con itinerario accesible.
- As portas miden **>100 cms.** e no interior pódese inscribir un xiro de **150 cms.**
- As mesas teñen unha altura de **54 cms.**

Piscina

- Situada en planta **6ª** con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor. No itinerario hai un desnivel de **4 m.** con unha inclinación do **9%**.
- Para acceder ao vaso da piscina hai que cruzar **2** ramplas: a primeira mide **2,63 m.**, con unha inclinación do **10,5%** e sen pasamanos; a segunda mide **9 m.**, con unha inclinación do **6,9%** e con pasamanos.
- A piscina non dispón de guindastre que facilite o acceso ao vaso.
- Hai un aseo adaptado con características similares ao descrito anteriormente. No itinerario hai un desnivel de **40 cms.** de lonxitude e con unha inclinación do **21%** (superior á recomendada).



ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso principal

- A porta principal é automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente con bandas cromáticas de **20 cms.**
- Para acceder ao hotel hai unha escaleira con unha rampla alternativa de **12 m.** de lonxitude, con mesetas intermedias e con unha inclinación do **6,5%**. Ten pasamanos a unha altura de **70-85 cms.**

Hall e zonas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.

Sinalética

- Non hai un patrón homoxéneo na sinalética e non permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **140-165 cms.**
- As letras e símbolos miden **>4 cms.** e non presentan contraste cromático co fondo.
- A sinalética non está trascrita ao braille nin está en altorrelevo.

Escaleiras principais

- Os chanzos son homoxéneos, con tabica e con bococeles.
- A varanda é continua pero non ten unha prolongación ao final dos chanzos de **30 cms.** nin zócolo inferior de protección.

Ascensor

- As portas teñen sistema de apertura antiprisionamento.
- A botoeira está en braille pero non en altorrelevo.



ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Recepción

- A porta é totalmente acristalada.
- En recepción dispoñen de fax para o uso dos clientes que o soliciten.

Cuarto

- Existe a posibilidade de conexión a Internet.
- Hai información escrita dos servizos prestados.
- Hai enchufes xunto á cama.
- A televisión ten decodificador de teletexto, permite a comunicación con recepción mediante mensaxes de texto e ofrece servizo despertador luminoso.

Aseos comúns

- As portas non teñen sistema de información visual de ocupado/libre.
- As portas non teñen banda libre inferior que permite a comunicación co exterior.

Ascensor


- Existe información visual no interior da cabina.


Sistema de emerxencia

- Non hai sistema de emerxencia visual.

NOTAS

Avenida Primero de Mayo, 9
30006 Murcia

 968 060 200

 968 060 202

 www.hotelnelva.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno del edificio

- A rúa de acceso ampla, chá e despexada de obstáculos.

Acceso principal

- No itinerario para acceder ao hotel hai **6** chanzos con unha rampla alternativa de diferentes tramos con unha lonxitude superior a **9 m.** e unha inclinación do **13%**.
- Na entrada principal hai dúas portas, unha xiratoria automática e outra manual de doada apertura que miden **>80 cms.**

Recepción, hall e corredores

- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **117 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** O chan non é esbarante, pero en algúns tramos ten moqueta. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

Aseo adaptado en zona común

- Hai **2** aseos comúns adaptados situados en plantas accesibles, un xunto a recepción e outro en planta **-1.** Comparten similares características.
- A porta da cabina mide **80 cms.** e abre cara o exterior.
- A altura do asento do inodoro é de **40 cms.** e o mecanismo de descarga é de **78 cms.** Ten un lado (dereito) que permite a transferencia cun espazo libre de **70 cms.**
- Hai dúas barras abatibles a unha altura de **60-74 cms.** e con unha separación de **74 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo e de **67 cms.** e o fondo é de **55 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño están a **80 cms.** e o bordo inferior do espello a **93 cms.**

Ascensor

- Hai **3** ascensores con similares características que comunican a recepción coas plantas superiores.
- As portas das cabinas miden **92 cms.** e as dimensións interiores son de **114 cms.** de ancho e **200 cms.** de fondo. Dispoñen de pasamanos a unha altura de **90 cms.**
- Existe outro ascensor que da paso ás plantas inferiores.
- A porta da cabina de este ascensor mide **90 cms.** e as dimensións interiores son de **120 cms.** de ancho e **140 cms.** de fondo. Dispón de pasamanos a unha altura de **90 cms.**



Cuarto adaptado (115)

- Nº de cuartos adaptados: 4
- Situados en planta con itinerario accesible.
- A porta mide **76 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A cama ten unha altura de **54 cms.** e pódese realizar a transferencia polo lado esquerdo xa que hai un espazo libre **>90 cms.**
- O colgadoiro do armario está a unha altura de **175 cms.** e os mecanismos de control ambiental a **114-126 cms.**

Aseo en cuarto adaptado

- A porta mide **79 cms.** e abre cara o exterior.
- No interior da cabina pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **42 cms.** e o mecanismo de descarga a **96 cms.** A el accédese polo lado dereito cun espazo libre **>80 cms.** Hai barras abatibles en ambos lados a unha altura de **65-79 cms.** e con unha separación de **74 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **60 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño están a **110 cms.** e o bordo inferior do espello a **95 cms.**
- O aseo ten ducha co chan continuo co recinto e bañeira.
- Dispón de cadeira de ducha e ten grifería monomando en parede lateral accesible a unha altura de **100 cms.**
- Ten barras de apoio, unha horizontal a unha altura de **75 cms.** e unha barra vertical situada a unha altura de **75-135 cms.**
- O bordo da bañeira está a unha altura de **46 cms.** e a grifería é monomando pero non está ubicada en unha parede accesible.

Salón buffet de almorzos

- Situado en planta -1 con itinerario accesible.
- A porta é automática e mide **140 cms.**
- As mesas teñen unha altura de **74 cms.,** un espazo libre inferior de **65 cms.,** un ancho de **78 cms.** e un fondo libre de **90 cms.**
- A barra do buffet está a unha dobre altura de **80 a 90 cms.**

Restaurante

- Situado en planta -1 con itinerario accesible.

- A porta é automática e mide **140 cms.** No interior pódese inscribir un xiro de **150 cms.**
- As mesas teñen **74 cms.** de altura, un espazo libre inferior de **65 cms.**, un ancho de **78 cms.** e un fondo de **90 cms.**

Cafetería

- Situada en planta baixa xunto a recepción, con itinerario accesible.
- As mesas teñen **75 cms.** de altura, un espazo libre inferior de **70 cms.**, un ancho de **90 cms.** e un fondo de **45 cms.** xa que teñen unha pata central con base.
- A altura do mostrador é de **105 cms.**

Sala de reunións

- Existen varias salas de reunións situadas en planta **-1** con itinerario accesible.
- As portas das salas teñen dimensións superiores a **90 cms.** e son de dobre folla.
- As mesas teñen **75 cms.** de altura, un espazo libre inferior **>70 cms.**, un ancho **>70 cms.** e un fondo **>60 cms.**

Terraza

- Accédese dende a planta **-1** por unha porta **>90 cms.** Dispón de diferentes ramplas de acceso con unha inclinación que varía do **6%** ao **12%**.

Piscina

- Está situada en planta **-1** con itinerario accesible. No acceso hai **2** ramplas: a primeira ten unha lonxitude de **3,3 m.** e unha inclinación do **8,7%**; a segunda mide **5 m.** e presenta unha inclinación do **8,7 %.** Ambas teñen pasamanos a unha altura de **76-98 cms.**
- Non dispón de guindastre para facilitar o acceso ao vaso.

Aparcadoiro

- Situado nas plantas inferiores do edificio con itinerario accesible. Hai unha rampla de **14 cms.** de lonxitude e con unha inclinación do **36,5 %** (superior á recomendada).
- A porta mide **72 cms.** e é de dobre folla.
- Dispón de **2** prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida. Están sinalizadas axeitadamente co Símbolo Internacional de Accesibilidade.
- Mide **3,4 m.** de ancho e **6 m.** de lonxitude.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso principal

- A porta principal é xiratoria automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente.
- Na entrada hai **6** chanzos aillados de **15 cms.** con unha rampla alternativa. Dispoñen ambos elementos dun pasamanos a unha altura de **82-100 cms.** pero non están sinalizados tacto-visualmente.

Hall e zonas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.





Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **80-200 cms.**
- As letras e símbolos miden **>5 cms.** e non presentan contraste cromático co fondo
- A sinalética non está transcrita ao braille nin ten altorrelevo.

Escaleiras principais

- Existen **2** escaleiras principais que comunican a recepción coas plantas superiores e inferiores.
- Os chanzos non son homoxéneos e teñen boceles.
- A varanda é continua en todo o percorrido pero non ten unha prolongación al final dos chanzos de **30 cms.** Dispón de zócolo inferior de protección.

Ascensores

- As portas teñen sistema de apertura antiprisionamento.
- A botoeira está en braille e altorrelevo.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Recepción

- A porta é totalmente acristalada.
- En recepción dispoñen de fax para o uso dos clientes que o soliciten.

Cuarto

- Existe a posibilidade de conexión a Internet.
- Hai información escrita dos servizos prestados.
- Hai enchufes xunto á cama.
- O teléfono ten avisador luminoso.
- A televisión ten decodificador de teletexto e permite a comunicación con recepción mediante mensaxes curtos de texto.

Aseos comúns

- As portas non teñen sistema de información visual de ocupado/libre.
- As portas non teñen banda libre inferior que permite a comunicación co exterior.

Ascensor

- Frechas direccionais e información visual no interior e no exterior da cabina.
- Os **3** ascensores que comunican a recepción coas plantas superiores son panorámicos.

Sistema de emerxencia

- Non hai sistema de emerxencia visual.

NOTAS

CAMPANILE MURCIA

H**

Avda. Juan Carlos I, 77
30100 Murcia
968 899 781
968 899 182
www.campanile.com



ACCESIBILIDADE FÍSICA

Contorno do edificio

- A rúa de acceso é ampla, chá e está despexada de obstáculos.

Acceso principal

- No itinerario de acceso hai **2** chanzos con rampla alternativa de **4,4 m.** de lonxitude e con unha inclinación do **6,9%**.
- A porta é automática e mide **137 cms.**

Recepción, hall e corredores

- O mostrador ten unha zona de atención ao público adaptada a unha altura de **80 cms.**, con unha lonxitude de **103 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** e o mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

Aseo en zona común


- Hai **1** aseo común adaptado situado na planta baixa. O itinerario é accesible.
- A porta xeral mide **87 cms.** e a da cabina **87 cms.**
- A altura do asento do inodoro é de **42 cms.** e o mecanismo de descarga está a **79 cms.** A el accédese polo lado dereito cun espazo libre **>120 cms.** e frontalmente cun espazo **>80 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado de aproximación a unha altura de **84 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **67 cms.**
- Os accesorios do baño están a unha altura entre **100** e **110 cms.** O bordo inferior do espello está a **102 cms.**

Ascensor

- A porta da cabina mide **80 cms.**
- As dimensións interiores son de **110 cms.** de ancho e **140 cms.** de fondo.
- Dispón de pasamanos a unha altura de **88 cms.**

Cuarto adaptado (001)

- N° de cuartos adaptados: **3**
- Situados en planta con itinerario accesible. É preciso o uso do ascensor.



- A porta mide **87 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A altura da cama é de **48 cms.** Ten un espazo de acceso polo lado dereito e esquerdo de **100 cms.**
- O colgadoiro do armario está a unha altura de **175 cms.** e o mecanismo de control ambiental a **85 cms.**

Aseo en cuarto adaptado

- A porta mide **92 cms.** e abre cara o exterior.
- No interior da cabina pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **48 cms.** e o mecanismo de descarga a **87 cms.** A el accédese polo lado dereito cun espazo libre de **40 cms.** e frontalmente con **>120 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado dereito e unha barra fixa no lado esquerdo, situadas a unha altura de **85 cms.** e con unha separación de **80 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **66 cms.** e o fondo é de **45 cms.** A grifería é monomando.
- Os accesorios do baño están a unha altura entre **84 e 150 cms.** e o bordo inferior do espello a **115 cms.**
- O chan da ducha é continuo co recinto, antiesbarante e ten unha cella de **5 cms.**
- Hai un taburete para a ducha.
- Hai unha barra horizontal a unha altura de **82 cms.** e outra vertical a **82-120 cms.**
- A grifería da ducha é monomando. Está situada en parede lateral accesible a unha altura de **130 cms.**

Salón buffet de almozos

- Situado en planta baixa, nun espazo continuo a recepción. O itinerario é accesible.
- As mesas teñen unha altura de **74 cms.**, un espazo libre inferior de **72 cms.**, e un fondo libre de **33 cms.** con pata central.
- A barra do buffet está a unha dobre altura de **84 e 92 cms.** e conta cun fondo de **80 cms.**

Cafetería

- Situado en planta baixa, nun espazo continuo a recepción. O itinerario é accesible.
- As mesas teñen unha altura de **48 cms.**
- A barra da cafetería está a unha altura de **112 cms.**

Sala de reunións

- Hai **2** salas de reunións situadas en planta baixa.
- As portas teñen unha medida **>75 cms.**
- As mesas teñen **72 cms.** de altura, un espazo libre inferior de **70 cms.**, un ancho **>=70 cms.** e un fondo de **70 cms.**

Aparcadoiro

- No exterior do edificio hai **2** prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida. O itinerario dende o interior do hotel é accesible.
- As prazas reservadas teñen unhas dimensións de **2,87 m.** de ancho e **4,38 m.** de lonxitude. Están sinalizadas axeitadamente co Símbolo Internacional de Accesibilidade.



ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso principal

- A porta principal é automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente.
- No itinerario de acceso hai **2** chanzos de **15 cms.** con rampla alternativa de **4,4 m.** de lonxitude e con unha inclinación do **6,9%**.

Hall e zonas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- A iluminación non é homoxénea. A luz natural produce zonas de luz e sombra.

Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e non permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **100 e 200 cms.**
- As letras e símbolos miden **>4 cms.** e presentan contraste cromático co fondo.
- A sinalética non está trascrita ao braille nin en altorrelevo.

Escaleiras principais

- Existe **1** escaleira principal que comunica a recepción coas plantas superiores.
- Os chanzos non son homoxéneos, dispoñen de tabica, teñen bocelos e zócolo de protección.
- Hai varanda continua en todo o seu percorrido pero non se prolonga ao final dos chanzos de **30 cms.**
- A iluminación é suficiente pero non é homoxénea.

Ascensor

- As portas teñen sistema de apertura antiprisionamento.
- A botoeira está en altorrelevo pero non en sistema braille.
- Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina
- Non ofrece información sonora de parada en planta.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Recepción

- A porta é totalmente acristalada.
- Dispon de paneis informativos con textos curtos e frechas direccionais.
- O persoal non ten coñecemento de lingua de signos.
- En recepción dispoñen de fax e de teléfono de texto para o uso dos clientes que o soliciten.

Cuarto

- Existe a posibilidade de conexión a Internet.
- Hai información escrita dos servizos prestados.
- Hai enchufes xunto á cama.
- O teléfono non ten avisador luminoso.
- A televisión ten decodificador de teletexto e ofrece servizo de despertador luminoso, pero non permite a comunicación con recepción.
- A porta non dispón de mira.
- A porta do baño non permite comunicación co exterior.

Aseos comúns

- As portas non teñen sistema de información visual de ocupado/libre.
- As portas da cabina non teñen banda libre inferior que permita a comunicación co exterior, pero a porta xeral do aseo dispón dun ollo de boi.

Ascensor

- Existe información visual no interior e no exterior da cabina.
- Non ten dispositivo de emerxencia con sinal luminosa.

Sistema de emerxencia

- Non hai sistema de emerxencia visual.

NOTAS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

